



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA A PROFESIONAIS SANITARIOS SOBRE ATENCIÓN A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou co citado Colexio Oficial o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e o referido Colexio Oficial para a posta en marcha, desenvolvemento e financiamento de accións de formación especializada dirixidas aos seus profesionais, sobre prevención e atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

Dentro da formación que se imparta introduciranse módulos específicos sobre menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras, aspectos psicolóxicos e sociais (recursos e programas en Galicia), en relación coa violencia de xénero.

- O carácter singular do presente Convenio ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, só no pasado ano 2018, 1.583 mulleres foron vítimas directas da violencia de xénero, 3 delas con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, neste caso a través de accións de formación especializada a profesionais do ámbito xurídico, e leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.



Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e o control e desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Un dos principios reitores que conforman o Sistema Público de Saúde de Galicia, en tanto que conxunto de recursos, medios organizativos, actividades, servizos e prestacións públicas que teñen por finalidade a promoción e a protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, é a cooperación intersectorial, como elemento de cohesión das políticas de todos os sectores con responsabilidades sobre a saúde.
- Así mesmo, corresponde á administración autonómica sanitaria desenvolver actuacións de mellora e adecuación das necesidades de formación do persoal ao servizo da organización sanitaria, incluíndo actuacións formativas dirixidas a garantir a súa capacidade para detectar, previr e tratar a violencia de xénero.
- Que o Colexio Oficial de MÉDICOS DE LUGO é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, entre os que destacan os de ordenar, no ámbito da súa competencia, o exercicio da profesión, e, polo que respecta ao presente instrumento de colaboración.
- A promoción por todos os medios ao seu alcance da constante mellora dos niveis científico, cultural, económico e social dos/as colexiados/as. Velar en todo momento polo correcto comportamento profesional, esixindo dos/as colexiados/as a preparación e pericia obxectivamente requirida así como a utilización dos medios adecuados para o correcto exercicio profesional. Todas as demais funcións que sexan beneficiosas para os intereses profesionais e que sexan encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos colexiais, de acordo cos intereses da sociedade.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

